MEMORIA ABREVIADA

ASOCIACIÓN : Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela

Nº DE REXISTRO: 2001/000569-1 do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia

CIF: G15775604

EXERCICIO: 2016

DATA DE PECHE: 31/12/2016

SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE

1. ACTIVIDADE DA ASOCIACIÓN

No ano 2000, constituíuse a Asociación de Dano Cerebral SARELA, entidade sen ánimo de lucro formada por afectados de dano cerebral adquirido, familiares seus e socios colaboradores.
SARELA formouse para reivindicar xuntos os dereitos de tódolos afectados da área sanitaria de Santiago de Compostela e unirnos a outros. Ten como obxectivo xeral ou misión a de mellorala calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e a das súas familias.

2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

2.1. Imaxe Fiel.

As contas anuais do exercicio 2016 foron formuladas pola Xunta Directiva da asociación a partir dos rexistros contables da asociación a 31 de decembro de 2016, aplicándose os principios contables e criterios de valoración recollidos na normativa contable aplicable, e reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da asociación.
O marco normativo de información financeiras que resulta de aplicación a entidade e establecido en:
- Código de Comercio e la restante lexislación mercantil.
- Plan Xeral de Contabilidade regulado no R.D1514/2007.
- As normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade as entidades sen fins lucrativos regulado no RD1491/2011 así como na resolución do 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.
- As normas de obrigado cumprimento aprobadas polo Instituto de Contabilidade de Auditoría de Contas en desenvolvemento do Plan Xeral de Contabilidade e as súas normas complementarias.
- O resto de normativa contable que resulte de aplicación.

2.2. Principios contables non obrigatorios aplicados.

Os principios e criterios contables aplicados para a elaboración destas contas anuais son os que se presentan no apartado das normas de rexistro e valoración.
A asociación non necesita aplicar ningún principio contable non obrigatorio para amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da mesma.

2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.

Á data de peche destas contas anuais non hai ningún aspecto crítico de valoración acerca do futuro da asociación, así como tampouco outros datos relevantes sobre a estimación da incerteza que poidan supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no seguinte exercicio.

2.4. Comparación da información.

As contas anuais da asociación están integradas polos documentos esixidos na disposición específica.Todas e cada unha das contas anuais da asociación correspondentes o exercicio terminado o 31 de decembro de 2016 amosan tanto os saldos do ano 2016 como a súa comparativa co exercicio inmediatamente anterior. As partidas de ambos exercicios son homoxéneas e comparables.

2.5. Agrupación de partidas.

As partidas que foron obxecto de agrupación no balance e na conta de Perdas e ganancias figuran desagregadas noutros apartados desta memoria.

2.6. Elementos recollidos en varias partidas.

Identifícanse os elementos patrimoniais, co seu importe, que están rexistrados en dous ou máis partidas do balance, con indicación destas e do importe incluído en cada unha delas.

2.7. Cambios en criterios contables.

No exercicio non se producen axustes por cambios en criterios contables.

2.8. Corrección de erros.

Neste exercicio hai varias correccións que se levan á conta "113" de reservas. Explícanse a continuación:
- En 2015 a Deputación da Coruña concédelle a asociación unha subvención de capital (para o novo centro) de 125.000,00. Esta subvención, á hora de xustificala no ano 2016, a Deputación minóralle o importe de 7.419,64 €, de aí o axuste na conta "113".
- Fixéronse varios axustes para adecuar as contas de inmobilizado á realidade, xa que había varios erros contables de anos anteriores.

SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE

- A subvención da entidade privada Fundación José Otero do ano 2015 non se contabilizou como correspondía, por iso a levamos contra reservas neste exercicio.
- No ano 2016 págase o Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) atrasado do ano 2015, por descoñecemento, non se meteu esta obrigación como gasto no ano 2015 e para non desvirtuar o resultado contable deste exercicio, faise un axuste contra conta "113".
- A conta "4708.1" (Xunta de Galicia) leva arrastrando desde fai anos una diferenza de 777,69 € (erros contables). Arránxase este ano para que quede correcto.
- Había dúas contas bancarias nas que constaba un saldo inicial que no era real, xa que realmente estaban cerradas doutros ano, de aí o axuste contra reservas.

3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

A asociación rexistra no ano 2016 un resultado positivo de 4.116,63 euros
A proposta do Presidente da Asociación de aplicación , pendente de aprobación pola Xunta Directiva, consiste no seu traspaso íntegro a remanente de exercicios anteriores.
Así, a proposta de aplicación do excedente é como segue:

	2016
Base de repartición	
Excedente o exercicio	4.143,05
Total	**4.143,05**
Aplicación	
A remanente de exercicios anteriores	4.143,05
Total	**4.143,05**

4. NORMAS DE VALORACIÓN

4.1. Inmobilizado Intanxible.

Os bens comprendidos no inmobilizado intanxible valóranse polo prezo de adquisición ou custe de produción. En concreto, os programas de ordenador que cumpren co criterio de identificabilidade inclúense no activo, tanto os adquiridos a terceiros como os elaborados pola propia entidade para si mesma, utilizando os medios de que dispón, entendéndose incluídos os gastos de desenvolvemento das páxinas web.
En ningún caso figuran no activo os gastos de mantemento da aplicación informática.
A amortización dos elementos de inmobilizado intanxible efectúase seguindo un criterio lineal, en función da vida útil estimada, que se considera que é de 10 anos para a marca e de entre 3 y 7,7 anos para as aplicacións informáticas.

4.2. Inmobilizado Material.

Os distintos activos comprendidos neste epígrafe valóranse polo seu prezo de adquisición ou custe de produción menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións valorativas por deterioro recoñecidas.
Asemade, formara parte do inmobilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas o citado activo, tales como os custes de rehabilitación do lugar sobre o que se asenta, sempre que estas obrigas dean lugar ao rexistro de provisións.
Para as construcións forman parte do prezo de adquisición ou custe de produción, ademais de todas aquelas instalacións e elementos que teñan carácter de permanencia, as taxas inherentes á construción e os honorarios facultativos de proxecto e dirección de obra.
O valor dos terreos nos que se atopan situados os inmobles e outras construcións, non se presentan de xeito separado, dada a escasa relevancia dos mesmos no total dos activos.
As instalacións técnicas, maquinaria e utillaxe valóranse a prezo de adquisición ou custe de fabricación e construción ata a súa posta en condicións de funcionamento.
Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos que a entidade leve a cabo para si mesma, cargaranse nas contas de gastos que correspondan. As contas de inmobilizacións materiais en curso, cargaranse polo importe de ditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola entidade para si mesma.

SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE

Os custes de renovación, ampliación ou mellora dos bens do inmobilizado material son incorporados o activo como maior valor do ben na medida en que supoñen un aumento da súa capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil, dándose de baixa o valor contable dos elementos que se substituirán.

Na determinación do importe do inmobilizado material terase en conta a incidencia dos custes relacionados con grandes reparacións. O importe destes custes amortizarase de xeito distinta ó do resto do elemento, durante o período que medie ata a gran reparación.

As amortizacións practícanse linealmente, estimando un valor residual nulo, en función dos seguintes anos de vida útil:

Descrición	% Amortización	Anos Amortización
Utillaxe	33%	3
Mobiliario	10-50%	2-10
Equipos proceso información	15-33%	3-6,67
Elementos de transporte	16-50%	2-6,25
Outro inmobilizado	10-50%	2-10

Amortizarase de xeito independente cada parte dun elemento do inmobilizado material que teña un custe significativo en relación co custe total do elemento e unha vida útil distinta do resto do elemento.

Os cambios que, no seu caso, puideran orixinarse no valor residual, a vida útil e o método de amortización dun activo, contabilizaranse como un cambio na estimación contable, salvo que se tratara dun erro.

A data de peche de cada exercicio, a entidade avalía o valor neto contable do seu inmobilizado para comprobar se hai perdas por deterioro no valor dos activos.

4.3. Investimentos Inmobiliarios.

Os terreos ou construcións que a entidade destine á obtención de ingresos por arrendamento ou posúa coa finalidade de obter plusvalías a través da súa enaxenación, fora do curso ordinario das súas operacións incluiranse neste epígrafe.

Os criterios anteriores relativos ao inmobilizado material, aplicaranse ós investimentos inmobiliarios.

4.4. Arrendamentos.

Un contrato de arrendamento definirémolo como financeiro cando das condicións económicas do contrato se transfiran ó arrendatario substancialmente tódolos riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Nos arrendamentos con opción de compra, cando non existan dúbidas razoables de que exercitaremos dita opción.

Aínda que non exista opción de compra, presumirase a transferencia substancial de riscos e beneficios nos seguintes casos:

- Cando a propiedade do activo se transfira ao arrendatario ó finalizar o prazo de arrendamento
- Cando o período de aluguer coincida ou cubra a maior parte da vida do activo
- Cando ó inicio do contrato o valor actual das cantidades a pagar equivallan á práctica totalidade do valor razoable do activo.
- Cando as características dos activos arrendados fagan que a súa utilidade quede restrinxida ó arrendatario
- Cando o arrendatario poida cancelar o contrato de arrendamento, pero asuma as perdas sufridas polo arrendador a causa de tal cancelación
- Cando as perdas ou ganancias derivadas das flutuacións do valor razoable do importe residual recaían sobre o arrendatario
- Cando o arrendatario poida prorrogar o arrendamento con uns pagos substancialmente inferiores ós habituais do mercado.

O criterio de contabilización do arrendatario, levarase a cabo coas seguintes regras:

- O activo o contabilizaremos, segundo a súa natureza, como inmobilizado material ou, no seu caso, como intanxible
- O activo e a débeda contabilizaranse polo menor de:
  - O valor razoable do activo arrendado

SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE

- O valor actual dos pagos durante o prazo do contrato, calculados ó inicio do mesmo, incluíndo a opción de compra se non hai dúbidas razoables do seu exercicio e excluíndo:
  - As cotas de carácter continxente (os pagos por arrendamento cuxo importe non sexa fixo senón que dependa da evolución dunha variable) e que será gasto do exercicio no que se produzan.
  - O custe dos servizos e impostos repercutibles polo arrendador
  - Os gastos directos iniciais (posta a punto) imputarase como maior custe do activo
  - A carga financeira non se activará, senón que imputarase a gastos a través do tipo efectivo

O criterio de contabilización do arrendador, levarase a cabo coas seguintes regras:

- No activo recoñeceremos un crédito polo importe do valor actual dos cobros futuros
- A diferenza entre o crédito contabilizado e a cantidade total a cobrar corresponderá a intereses non devengados e imputarase a resultados segundo se devenguen, de acordo co tipo de interese efectivo.

O arrendamento operativo é aquel que non ten carácter de arrendamento financeiro.

- Como arrendatario contabilizamos como un gasto do exercicio tódalas cotas devengadas
- Como arrendador contabilizamos o activo como un inmobilizado que amortizamos na súa vida útil e os ingresos do contrato os contabilizamos como un ingreso do exercicio.

4.5. Permutas.

Consideraremos permuta de carácter comercial aquela na que a configuración (risco, calendario e importe) dos fluxos de efectivo do inmobilizado recibido difira da configuración dos fluxos de efectivo do activo entregado, ou o valor actual dos fluxos de efectivo despois de impostos das actividades da entidade afectadas pola permuta, se vexa modificado como consecuencia da operación.

Sendo necesario que calquera das diferenzas xurdidas polas anteriores causas, resulte significativa ó comparara co valor razoable dos activos intercambiados.

Nas operacións de permuta de carácter comercial, o inmobilizado material recibido valorarase polo valor razoable do activo entregado máis, no seu caso, as contrapartidas monetarias que se houberan entregado a cambio, salvo que se teña una evidencia máis clara do valor razoable do activo recibido e co límite deste último. As diferenzas de valoración que puideran xurdir ó dar de baixa o elemento entregado a cambio terán como contrapartida a conta de Perdas e ganancias.

Presumirase non comercial toda permuta de activos da mesma natureza e uso para a entidade.

Cando a permuta non ten carácter comercial ou cando non poida obterse unha estimación fiable do valor razoable dos elementos que interveñen na operación, o inmobilizado material recibido valorarase polo valor contable do ben entregado más, no seu caso, as contrapartidas monetarias que se entregaran a cambio, co límite, cando estea dispoñible, do valor razoable do inmobilizado recibido se este é menor.

As diferenzas negativas levaranse a resultados e non se podan dar beneficios.

4.6. Instrumentos Financeiros.

a) Activos financeiros.

Os activos financeiros rexístranse inicialmente ó seu custe de adquisición, incluíndo os custes inherentes á operación. A entidade clasifica os seus investimentos financeiros, xa sexan estas correntes ou non correntes, nas seguintes categorías:

- Préstamos e partidas a cobrar. Aqueles activos financeiros orixinados pola entidade na venta de bens e a prestación de servizos por operacións de tráfico da entidade. Os activos incluídos nesta categoría son valorados no momento do seu recoñecemento no balance ó seu valor razoable, que equivale ó valor razoable da contraprestación entregada máis os gastos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles, sendo posteriormente valorados ó seu "custe amortizado" utilizando a taxa de interese efectivo.
- Os créditos comerciais con vencemento non superior a un ano, e que non teñen un tipo de interese contractual, incluídos os créditos coas administracións públicas,

SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE

valóranse polo seu valor nominal, é dicir sen distinguir nominal e intereses, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

- A entidade rexistra as correspondentes provisións pola diferenza existente entre o importe que se estima recuperar das contas a cobrar, descontado este ó tipo de interese efectivo orixinal da operación, e o valor en libros polo que se atopan rexistradas.

Un activo financeiro darase de baixa cando expire ou se cederan os dereitos contractuais sobre os fluxos de efectivo do mesmo (cesión dun crédito), sendo requisito fundamental a cesión substancial de riscos e beneficios.

Cando non se transfire nin se reteñen os riscos e beneficios, se se transfire o control dáse de baixa o activo e se non se transfire o control recoñecese un activo polo compromiso continuo e un pasivo asociado.

Os intereses (explícitos e implícitos) e os dividendos de activos financeiros que se devengan con posterioridade ó momento da adquisición considéranse ingresos na conta de Perdas e ganancias.

Os dividendos e intereses explícitos devengados e non vencidos no momento da valoración inicial dos activos financeiros rexistraranse de forma independente na valoración inicial dos activos financeiros.

Os dividendos distribuídos que inequivocamente procedan de resultados xerados antes da data de adquisición, non se contabilizaran como ingresos, senón que minoran o valor contable do investimento.

b) Pasivos financeiros.

Os pasivos financeiros a efectos da súa valoración, xa sexan estes correntes ou non correntes, clasificaranse nas seguintes categorías:

- Débitos e partidas a pagar. Aqueles débitos por operacións comerciais ou non comerciais de compra de bens e servizos por parte da entidade (provedores, acredores, efectos comerciais a pagar, provedores de inmobilizado, efectos a pagar, débedas a longo e curto prazo). Valóranse inicialmente polo seu valor razoable que é o prezo da transacción, máis os gastos atribuíbles.
- Os débitos comerciais con vencemento non superior a un ano, e que non teñen un tipo de interese contractual, incluídos os débitos coas administracións públicas, pódense valorar polo seu valor nominal, é dicir sen distinguir nominal e intereses, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.
- Posteriormente valóranse polo custe amortizado, seguindo o tipo de interese efectivo.
- Os gastos financeiros contabilízanse segundo o criterio do devengo na conta de resultados utilizando o método do interese efectivo e se engaden o importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

Non reclasificamos ningún pasivo financeiro incluído inicialmente nas categorías de mantidos para negociar ou a valor razoable con cambios en Perdas e ganancias a outras categorías, nin de estas a aquelas.

Os pasivos financeiros danse de baixa cando a obriga se extingue ou se produce un intercambio de instrumentos de débeda entre prestamista e prestatario. Neste derradeiro caso se os instrumentos teñen condicións substancialmente diferentes dáse de baixa o pasivo orixinal e se da de alta o novo e se os instrumentos non teñen condicións substancialmente diferentes o pasivo financeiro orixinal non se da de baixa e se calcula un tipo de interese efectivo coas novas condicións.

Entendemos por condicións substancialmente diferentes cando o valor actual dos fluxos de efectivo do novo pasivo é diferente polo menos nun 10% ó valor actual dos fluxos de efectivo procedentes do pasivo orixinal, actualizados ambos ó tipo de interese efectivo do pasivo orixinal.

4.7. Créditos y débitos da actividade propia.

1.- Créditos pola actividade propia: son os dereitos de cobro orixinados no desenvolvemento da actividade propia fronte aos beneficiarios,usuarios, patrocinadores e afiliados.

Valoración inicial y posterior.

As cotas, donativos e outras axudas similares procedentes de patrocinadores, afiliados e outros debedores, contabilizaranse polo valor nominal. Se o vencemento é a longo prazo, recoñécense polo seu valor actual sendo a diferenza un ingreso financeiro.

SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE

2.- Débitos pola actividade propia: son as obrigas orixinadas pola concesión de axudas e outras asignacións aos beneficiarios da entidade no cumprimento de fins propios.
Valoración inicial e posterior.
As axudas e outras asignacións concedidas pola entidade aos seus beneficiarios, contabilizaranse polo valor nominal, se o vencemento supera o curto prazo recoñécense polo seu valor actual.
Se a concesión da axuda é plurianual, contabilízase polo importe comprometido en firme de xeito irrevogable.

4.8. Existencias.

Os bens e servizos comprendidos nas existencias valoraranse polo prezo de adquisición.
Cando o valor neto realizable das existencias sexa inferior ó seu prezo de adquisición ou ó seu costo de produción, efectuaranse as oportunas correccións valorativas.
Si as circunstancias que causaron a corrección del valor das existencias deixaran de existir, o importe da corrección será obxecto de reversión.

4.9. Transaccións en moeda estranxeira.

Toda transacción en moeda estranxeira converterase a moeda funcional, neste caso o euro, mediante a aplicación ó importe en moeda estranxeira, do tipo de cambio de contado, e do tipo de cambio utilizado nas transaccións con entrega inmediata, entre ambas moedas, na data da transacción.
Poderase utilizar un tipo de cambio medio do período para tódalas transaccións que teñan lugar durante ese intervalo, en cada unha das clases de Moeda estranxeira en que estas se realizaran, salvo que dito tipo sufrira variacións significativas durante ó intervalo de tempo considerado.
A valoración posterior das partidas monetarias será aplicando ó tipo de cambio existente nesa data. As diferenzas de cambio que se orixinen neste proceso, así como as que se produzan ó liquidar ditos elementos patrimoniais, recoñeceranse na conta de Perdas e ganancias do exercicio no que xurdan.
A valoración posterior das partidas non monetarias valoradas a custe histórico será aplicando o tipo de cambio da data en que foron rexistradas. Cando se deba determinar o patrimonio neto dunha entidade participada corrixido, no seu caso, polas plusvalías tácitas existentes na data de valoración, aplicarase o tipo de cambio de peche ó patrimonio neto e ás plusvalías tácitas existentes a esa data.

4.10. Imposto sobre beneficios.

O gasto/ingreso por imposto sobre sociedades contabilizase na conta de Perdas s ganancias salvo que estea asociado cun ingreso/gasto rexistrado directamente no patrimonio neto, en cuxo caso, o gasto/ingreso por imposto debe recoñecerse directamente no estado de ingresos e gastos recoñecidos.
A entidade, declarada de utilidade pública, acóllese ao establecido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenazgo. Esta Lei no seu Titulo II establece o réxime fiscal aplicable a estas entidades, sinalando que as rendas exentas en virtude da mesma no estarán sometidas a retención nin ingreso a conta mediante a correspondente acreditación. O Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, indica a forma de acredita-la exención da obriga de reter ou ingresar a conta respecto das rendas percibidas po-las entidades sen fins lucrativos. A mesma efectúase mediante certificado expedido pola Agencia Estatal de Administración Tributaria, no que conste que a entidade comunicou a opción pola aplicación do réxime fiscal especial.
A Axencia Estatal de Administración Tributaria acredita a opción pola aplicación do réxime fiscal especial, anteriormente mencionado, ante quenes lle satisfagan ou abonen rendas exentas en virtude da Lei 49/2002, a efectos de que non se practique retención ou ingreso a conta, sempre que se cumpran os requisitos que se establecen para estas entidades (ser declarada de interese público; perseguir fins de interese xeral; destinar á realización de dichos fins, a lo menos o 70% das rendas e ingresos; non realizar actividades alleas ó seu obxecto ou finalidade en máis dun 40% dos seus ingresos; que os fundadores, asociados, membros do órgano de goberno non sexan destinatarios principais das actividades que se realicen nin se beneficien de condicións especiais para utilizar os seus servizos; que os cargos de patrón e membro do órgano de administración sexan gratuítos; estar inscrita a entidade no rexistro correspondente; cumprimento das obrigas contables previstas nas normas polas que se rexen; cumprila obriga de rendición de

SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE

contas que estableza a lexislación específica e elaborar anualmente memoria económica na que se especifique os ingresos e gastos do exercicio).

4.11. Ingresos e gastos.

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento no que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Ditos ingresos valóranse polo importe acordado.

En particular as axudas outorgadas pola entidade recoñécense no momento que se aproba a súa concesión.

Os ingresos propios por prestación de servizos recoñécense considerando o grado de realización da prestación á data de balance, sempre e cando o resultado da transacción poida ser estimado con fiabilidade.

Os intereses recibidos de activos financeiros recoñécense utilizando o método do tipo de interese efectivo. En calquera caso, os intereses de activos financeiros devengados con posterioridade ao momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de perdas e ganancias.

4.12. Provisións e continxencias.

A entidade recoñece como provisións os pasivos que cobren obrigas presentes á data do balance xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derivarse prexuízos patrimoniais, pero cuxo importe e momento da súa cancelación son indeterminados.

As provisións valóranse na data de peche do exercicio, polo valor actual da mellor estimación posible do importe necesario para cancelar ou transferir a un terceiro a obriga, rexistrándose os axustes que xurdan pola actualización da provisión como un gasto financeiro conforme se vaian devengando.

A entidade dota provisións cuxo vencemento, estimamos que, é inferior ou igual a un ano, e o efecto financeiro consideramos que non é significativo, polo que non consideramos necesario dotar ningún tipo de desconto.

A entidade recoñece pasivos continxentes, obrigas posibles xurdidas de sucesos pasados, cuxa materialización está condicionada a que ocorra, ou non, un ou máis sucesos futuros independentes da vontade da propia entidade.

4.13. Elementos patrimoniais de natureza medioambiental.

Os custes nos que a entidade incorra pola adquisición de sistemas, equipos e instalacións cuxo obxecto sexa a eliminación, limitación ou o control dos posibles impactos que puidera ocasionar o normal desenvolvemento da actividade sobre o medio ambiente consideraranse investimentos en inmobilizado.

O resto de gastos relacionados co medio ambiente consideraranse gastos do exercicio.

As provisións de natureza medioambiental recollerán, no seu caso, aqueles gastos medioambientais que á data de peche sexan probables ou certos pero indeterminados en canto ó seu importe exacto ou á data en que se producirán. En consecuencia, o importe de ditas provisións, no seu caso, corresponderá á mellor estimación posible que se poida realizar en función da información dispoñible á data de peche.

4.14. Subvencións.

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilizaranse, con carácter xeral, directamente no patrimonio neto da entidade para a súa posterior reclasificación ó excedente so exercicio como ingresos, sobre una base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados da subvención, doazón ou legado. As subvencións, doazóns e legados non reintegrables que se obteñan sen asignación a una finalidade específica contabilizaranse directamente ó excedente do exercicio que se recoñezan.

Si as subvencións, doazóns ou legados foran concedidos polos asociados, seguirase o mesmo criterio. Tamén se recoñecerán directamente no fondos propios, as achegas efectuadas por un terceiro ó fondo social.

As subvencións, doazóns e legados que teñan carácter de reintegrables rexistraranse como pasivos ata que adquiran a condición de non reintegrables. Se considerarán non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión da subvención, doazón ou legado, doazón ou legado a favor da entidade, cando se cumpran as condición establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables sobre a súa recepción. As subvencións, doazóns e legados

SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE

recibidos pola entidade no exercicio son de carácter monetario e valóranse polo valor razoable do importe concedido ou do ben recibido respectivamente. En particular:

a) As obtidas para adquirir un activo so se clasificarán de non reintagrables cando se adquira o correspondente activo
b) As obtidas para financiar gastos específicos de execución plurianual, se as condicións do outorgamento esixen a finalización do plan de actuación e a xustificación de que se realizaron as correspondentes actividades, consideraranse non reintegrables cando ó cerre do exercicio se executara a actuación total ou parcialmente. No suposto de execución parcial, o importe recibido clasificarase como non reintegrable en proporción ó gasto executado, sempre que non existan dúbidas razoables de que se concluirá nos termos fixados nas condicións do outorgamento.

A imputación a resultados das subvencións, doazóns e legados non reintegrables efectuarase atendendo a súa finalidade, tal que:

a) As concedidas para financiar gastos específicos: impútanse como ingresos no mesmo exercicio en que se devengan os gastos que estean financiando.
b) As concedidas para adquirir activo de inmobilizados impútanse como ingresos do exercicio en proporción a dotación de amortización efectuada no exercicio para os citados elementos ou, no seu caso, cando se produce a baixa no balance.
c) Os importes monetarios que se reciban sen asignación a unha finalidade específica imputaranse como ingresos no exercicio en que se recoñezan.

5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

5.1. O movemento da partida do inmobilizado intanxible durante o exercicio, foi o seguinte:

Inmobilizado Material	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Aplicacións informáticas	744,15	2.178,00	0,00	2.922,15
TOTAIS	**744,15**	**2.178,00**	**0,00**	**2.922,15**

Amortizacións inmobilizado intanxible:

Amortizacións	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
AA aplicacións informáticas	(417,45)	0,00	549,04	(966,49)
TOTAIS	**(417,45)**	**0,00**	**549,04**	**(966,49)**

O valor contable do inmobilizado intanxible é de 1.955,66 euros.

5.2. O movemento da partida do inmobilizado material durante o exercicio, foi o seguinte:

Inmobilizado Material	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Terreos y bens naturais	2.006,00	0,00	0,00	2.006,00
Construcións	1.254.133,92	799.921,80	0,00	2.054.055,72
Instalacións técnicas	6.843,21	2.637,21	0,00	9.480,42
Material terapéutico adqdo '02	2.236,66	0,00	0,00	2.236,66
Material terapéutico adqdo '03	507,88	0,00	0,00	507,88
Material terapéutico adqdo '04	512,77	0,00	0,00	512,77
Material clínico adqdo '02	54,00	0,00	0,00	54,00
Material clínico adqdo '03	5.806,71	0,00	0,00	5.806,71
Material clínico adqdo '04	5.470,75	0,00	0,00	5.470,75
Varios utillaxe adq '02	490,97	0,00	0,00	490,97
Varios utillaxe adqdo '03	60,32	0,00	0,00	60,32
Varios utillaxe adqdo '04	1.376,05	0,00	0,00	1.376,05
Material terapéutico/clínico adqdo´14	31.250,05	0,00	31.250,05	0,00
Material clínico adqdo ´15	2.550,16	0,00	2.550,16	0,00
Mobiliario adqdo '02	1.660,17	0,00	1.660,17	0,00
Mobiliario adqdo '04	302,49	0,00	302,49	0,00
Mobiliario	519,29	0,00	0,00	519,29
Mobiliario adqdo '02	0,00	1.660,17	0,00	1.660,17
Mobiliario adquirido ´14	39.753,59	0,00	0,00	39.753,59

SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE

Mobiliario adquirido 04	0,00	302,49	0,00	302,49
Mobiliario adquirido ´15	3.034,28	0,00	0,00	3.034,28
